



nota de prensa

## Veciñanza demándalle ao Goberno Municipal que inicie dunha vez a sinalización das aldeas e parroquias de Cuntis

---

*Veciñanza conseguiu, mediante unha emenda aos Orzamentos deste ano, que se incluíse unha partida para iniciar a sinalización dos núcleos rurais do municipio. Solventar esta carencia figuraba xa no programa electoral da nosa candidatura.*

---

Cuntis, 24 de abril de 2017. Un dos elementos que mellor define as necesidades do rural cuntese é a impresentable carencia de algo tan básico como a sinalización, que **lonxe de ser unha cuestión puramente estética representa unha necesidade a todos os niveis**. Identificar as nosas aldeas e núcleos de poboación evita, por exemplo, posibles dificultades que os servizos de emerxencias puideran atoparse en caso de seren requeridos. En pleno século XXI algo tan sinxelo coma isto segue a ser unha carencia en Cuntis.

Unha das emendas que presentamos ao borrador de Orzamentos Municipais deste ano era precisamente a inclusión dunha partida adicada á sinalización do rural, **algo que inicialmente non contemplaba o proxecto de orzamentos** do Goberno Local. Conseguimos que se incorporara a cantidade de 15.000 euros (partida 454). Vemos como é un proxecto que se demora no tempo, e cómpre esixirlle ao Goberno Municipal que se poña dunha vez a traballar cando menos na execución do comprometido nos Orzamentos.

Consideramos que este non debe ser un traballo que se limite unicamente a poñer sinais nas aldeas. Un proxecto de sinalización adecuado debe conlevar **un rigoroso estudo toponímico que sirva tamén para a recuperación e posta en valor desa parte do noso patrimonio inmaterial tan valiosa como é a riqueza toponímica e microtoponímica**.

Veciñanza entende esta necesidade como o primeiro e indispensable paso para reverter a situación de abandono na que segue sumido o rural cuntese. Tanto é así que xa figuraba nas prioridades do programa electoral co que concorremos ás eleccións de 2015. Dous anos despois, e malia ser unha necesidade que teoricamente o Goberno comparte, seguimos agardando.

